

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADEO PARA O PROXECTO DE ENSANCHE E MELLORA DA ESTRADA DE CIRCUNVALACIÓN DE RINLO E DE ACCESO ÁS PRAIAS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello da Rúa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que esta addenda ten por obxecto modificar as cláusulas segunda, terceira, oitava e décimo novena do convenio.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O 18 de xuño de 2025 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto era o establecemento das condicións pola colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Ribadeo para o proxecto de ensanche e mellora da estrada de circunvalación de Rinlo e de acceso ás praias.

Que na cláusula terceira dispónse que se considerarán subvencionables os gastos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2025.

Así mesmo, na cláusula oitava establécese que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello remata o 1 de decembro de 2025.

Segundo.- O Consello da Xunta de Galicia autorizou a subscripción do referido convenio na súa reunión do 26 de maio de 2025, de conformidade co disposto no artigo 40.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, e na Disposición Adicional 2ª da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, que establece que a subscripción de convenios de colaboración cuxo importe sexa superior a 150.000 € ou teñan carácter plurianual requirirá autorización do Consello da Xunta.



Terceiro.- O 21 de novembro de 2025 o Concello de Ribadeo solicita unha ampliación do prazo de xustificación ata o ano 2026, debido a demora na licitación do contrato da obra para poder executar o proxecto de ensanche e mellora da estrada de circunvalación de Rinlo e de acceso ás praias. O inicio do procedemento de licitación das obras previstas para a estrada viuse atrasado debido a unha combinación de factores técnicos, administrativos e de coordinación interinstitucional que afectaron o calendario inicialmente establecido. O conxunto destas circunstancias obrigou a pospoñer o inicio da licitación co fin de garantir que o expediente cumprira plenamente coa normativa vixente, se asegurase a viabilidade técnica e económica do proxecto e se minimizasen posibles incidencias durante a execución das obras.

A modificación solicitada polo Concello de Ribadeo implica trasladar integramente a anualidade 2025 a 2026.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

